



MATERIAS EN 1º E 2º DE BACHARELATO

Introdución.....	1
Que son as materias de continuidade?	3
Para saber algo máis sobre as materias de 1º DE BACHARELATO.....	4
Para saber algo máis sobre materias de 2º DE BACHARELATO.....	8

Introdución

O seguinte documento pretende recoller algunhas aclaracións sobre as materias, en concreto explicando que son as materias de continuidade e atendendo ás dubidas que o alumnado adoita ter sobre que contidos se traballan nas materias específicas e de libre configuración.

Se quixeras consultar os contidos completos dalgunha das materias de 1º e 2º de Bacharelato, podes buscar a materia que che interese, buscando por curso ou por materia no seguinte enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/guiadalomce/bacharelato>

Se tes máis dubidas sobre as materias á hora de facer a matrícula, podes contactar co Departamento correspondente ou co Departamento de Orientación.

Estas son as materias que veredes nos impresos de matrícula de 1ºe 2º no Bacharelato do IES de Soutomaioir.

1º BACHARELATO MATERIAS COMÚNS			
Lingua Castelá e Literatura I (3h) - Lingua Galega e Literatura I (3h) - Primeira Lingua Estranxeira I (3h) Filosofía (3h) - Educación Física (2h)			
<input type="checkbox"/> MODALIDADE CIENCIAS Elixir un dos dous itinerarios		<input type="checkbox"/> MODALIDADE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS Elixir un dos dous itinerarios	
<input type="checkbox"/> Itinerario A	<input type="checkbox"/> Itinerario B	<input type="checkbox"/> ITINERARIO DE CIENCIAS SOCIAIS	<input type="checkbox"/> ITINERARIO DE HUMANIDADES
Matemáticas I (4h) Física e Química (4h)	Matemáticas I (4h) Física e Química (4h)	Matemáticas Aplicadas ás CCSS I (4h)	Latín I (4h)
Bioloxía e Xeoloxía (4h)	Debuxo Técnico I (4h)	Economía (4h) Hª do Mundo Contemporáneo (4h)	Elixir dúas materias: <input type="checkbox"/> Grego I (4h) <input type="checkbox"/> Literatura Universal (4h) <input type="checkbox"/> Hª do Mundo Contemporáneo (4h.)
Elixir MATERIAS ESPECÍFICAS ata sumar 6 h. (un mínimo de 2 e un máximo de 3) (3h + 2h + 1h) (3h + 3h)			
<input type="checkbox"/> Tecnoloxía Industrial I (3h) <input type="checkbox"/> 2ª Lingua Estranxeira I (3h) <input type="checkbox"/> Linguaxe e Práctica Musical (3h) <input type="checkbox"/> Debuxo Artístico I (3h) <input type="checkbox"/> Anatomía Aplicada (3h)	<input type="checkbox"/> TIC I (2h) <input type="checkbox"/> Cultura científica (2h)	<input type="checkbox"/> Afondamento Matemáticas (1h) <input type="checkbox"/> Relixión (1h) <input type="checkbox"/> Obradoiro de habilidades comunicativas (1h)	
Indica outra combinación de materias diferente á elixida:,,			

2º BACHARELATO MATERIAS COMÚNS			
Lingua Castelá e Literatura II (3h) - Lingua Galega e Literatura II (3h) - Primeira Lingua Estranxeira II (3h) Hª de España (3h)			
<input type="checkbox"/> MODALIDADE CIENCIAS Elixir un dos dous itinerarios		<input type="checkbox"/> MODALIDADE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS Elixir un dos dous itinerarios	
<input type="checkbox"/> Itinerario A	<input type="checkbox"/> Itinerario B	<input type="checkbox"/> ITINERARIO DE CIENCIAS SOCIAIS	<input type="checkbox"/> ITINERARIO DE HUMANIDADES
Matemáticas II (4h)		Matemáticas Aplicadas ás CCSS II (4h)	Latín II (4h)
Química (4h) Bioloxía (4h)	Física (4h) Debuxo Técnico II (4h)	Historia da Filosofía (4h)	
		Economía de empresa (4h)	Elixir unha materia: <input type="checkbox"/> Grego II (4h) <input type="checkbox"/> Historia da Arte (4h)
Elixir materias específicas e libre configuración por un total de 8h: <input type="checkbox"/> (4h+3h+1h) <input type="checkbox"/> (3h+3h+2h) Enumerar todas as materias por orde de preferencia.			
4h	<input type="checkbox"/> Física <input type="checkbox"/> Química <input type="checkbox"/> Xeoloxía <input type="checkbox"/> Hª da Filosofía		<input type="checkbox"/> Xeografía(4h) <input type="checkbox"/> Economía de empresa <input type="checkbox"/> Historia da Arte
3h	<input type="checkbox"/> Psicoloxía <input type="checkbox"/> Tecnoloxía industrial II <input type="checkbox"/> 2ª Lingua estranxeira II <input type="checkbox"/> Tic II <input type="checkbox"/> Debuxo artístico II <input type="checkbox"/> Hª da música e danza		
2h	<input type="checkbox"/> Métodos estatísticos e numéricos <input type="checkbox"/> Patrimonio artístico cultural de Galicia <input type="checkbox"/> Electrotecnia		
1h	<input type="checkbox"/> Afondamento de matemáticas <input type="checkbox"/> Relixión <input type="checkbox"/> English communication <input type="checkbox"/> Actividade física profesional <input type="checkbox"/> Técnicas de expresión e comprensión textual		

Que son as materias de continuidade?

Existen unhas materias, denominadas de continuidade (son as materias que se chaman igual nos dous cursos), que son materias de aprendizaxe progresiva. Deberás superar a materia de 1º para poder ser avaliada da materia de 2º . En caso de non ter cursada a de 1º, poderías matricularte da materia de 2º sempre que o profesorado que a imparta considere que reúnes as condicións necesarias para aproveitar a materia de 2º, e se establecerían os requisitos para superar a materia pendente de 1º.

A materia de primeiro curso terá a consideración de materia pendente, aínda que isto non será computable para aos efectos de modificar as condicións en que se terá promoción a 2º.

Estas materias son as seguintes:

1º curso de bacharelato	2º curso de bacharelato
Lingua Galega e Literatura I	Lingua Galega e Literatura II
Lingua Castelá e Literatura I	Lingua Castelá e Literatura II
Matemáticas I	Matemáticas II
Primeira Lingua Estranxeira I	Primeira Lingua Estranxeira II
Debuxo Técnico I	Debuxo Técnico II
Latín I	Latín II
Grego I	Grego II
Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II
Segunda Lingua Estranxeira I	Segunda Lingua Estranxeira II
Tecnoloxías da Información e da Comunicación I	Tecnoloxías da Información e da Comunicación II
Física e Química	Física
	Química
Bioloxía e Xeoloxía	Bioloxía
	Xeoloxía

Para saber algo máis sobre as materias de 1º DE BACHARELATO...

AFONDAMENTO MATEMÁTICAS

Esta materia é un reforzo de Matemáticas. É un bo complemento para ás Matemáticas de 1º de Bachillerato, unha axuda para reforzar os contidos da materia e que te resulte máis doada.

Inclúe máis actividades prácticas (cálculo, resolución de exercicios e problemas)

ANATOMÍA APLICADA

A materia de Anatomía Aplicada pretende achegar os coñecementos científicos que permitan comprender o corpo humano e a motricidade humana en relación coas manifestacións artísticas corporais e coa saúde.

O corpo e o movemento son medios de expresión e comunicación, polo que comprender as estruturas e o funcionamento do corpo humano e da acción motora dotará o alumnado da base necesaria para que, dentro dunhas marxes saudables, poida mellorar o seu rendemento no proceso creativo e nas técnicas de execución artística, así como, en xeral, na vida. Para iso, esta materia está integrada por coñecementos, destrezas e actitudes de diversas áreas de coñecemento que se ocupan do estudo do corpo humano e da súa motricidade, tales como a anatomía, a fisioloxía, a biomecánica e as ciencias da actividade física.

Anatomía Aplicada abrangue as estruturas e as funcións do corpo humano máis relacionadas coa acción motora e o seu rendemento, como son o sistema locomotor e o cardiopulmonar, ou os sistemas de control e regulación; afonda en como estas estruturas determinan o comportamento motor e as técnicas expresivas que compoñen as manifestacións artísticas corporais, e os efectos que a actividade física ten sobre elas e sobre a saúde. Na mesma liña, abórdanse tamén nocións básicas dos sistemas de achega e utilización da enerxía, e afóndase nas bases da conduta motora.

Esta materia estrutúrase en oito grandes bloques: "As características do movemento", "Organización básica do corpo humano", "O sistema locomotor", "O sistema cardiopulmonar", "O sistema de achega e utilización da enerxía", "Os sistemas de coordinación e de regulación", "Expresión e comunicación corporal" e "Elementos comúns".

CULTURA CIENTÍFICA

A materia de Cultura Científica contribúe a que o alumnado sexa competente para tomar decisións baseadas no coñecemento científico, nun marco democrático de participación cidadá, desenvolvendo deste xeito a competencia social e cívica.

Un dos aspectos básicos da competencia científica é a capacidade de utilizar probas e argumentar en relación a cuestións de carácter científico, e tomar decisións baseadas en probas. A materia de Cultura Científica debe contribuír a isto, a través dunha metodoloxía que enfrente o alumnado ao reto de utilizar probas e argumentar nun contexto real e mediante o diálogo entre iguais. O traballo cooperativo e colaborativo, a formulación de tarefas en contextos reais e o traballo experimental deben, xa que logo, formar parte do desenvolvemento curricular na aula.

Esta materia céntrase nos ámbitos da xeoloxía (tectónica de placas), orixe da vida e evolución, biomedicina, xenética e TICs.

DEBUXO TÉCNICO

É unha materia dirixida aos alumnos da modalidade de Ciencias que teñan en mente cursar algunha enxeñería, estudos de deseño ou facer arquitectura. Tamén resulta útil para o alumnado de artes, xa que se estuda tanto en Belas Artes como noutras escolas; por exemplo, na Escola Superior de Arte Dramática na especialidade de Escenografía.

Desde 1ºESO ata 4º ESO estúdanse temas de debuxo técnico na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual: trazados xeométricos, polígonos, tanxencias, sistemas de representación...

A materia de Debuxo Técnico I é un paso máis no estudo da xeometría, os sistemas de representación e os procesos de normalización. En 2º de Bacharelato, en Debuxo Técnico II, asentaranse as bases adquiridas en 1º Bacharelato aprofundando e ampliando os coñecementos sobre estes e outros temas.

Pódese cursar Debuxo Técnico I sen cursar Educación Plástica, Visual e Audiovisual en 4º de ESO?

Si, é posible porque en 1º de bacharelato comézase desde o principio e os alumnos xa teñen nocións básicas de 3º ESO.

DEBUXO ARTÍSTICO

Se che encanta a arte e todo o que ten que ver coa pintura, o debuxo e a creatividade, e non te decidiches a facer un bacharelato de artes pero queres seguir formándote, esta materia pódete interesar.

Nela entrarás en contacto con diferentes técnicas, materiais e soportes. Poderás aprofundar nas destrezas e conceptos do debuxo, adquiridos na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria e tamén dar renda solta á túa creatividade e experimentar.

A materia basearase no traballo diario realizado en sesións prácticas, onde se expoñan actividades con distintos modelos de menor a maior dificultade, exercicios para aprender a mirar o que nos rodea de distinta maneira, diferentes métodos de debuxo, saír a debuxar no exterior...

Tentarase poñer ao alcance de todos os alumnos distintos procedementos e técnicas de expresión, a fin de que este elixa os máis adecuados ás súas necesidades comunicativas e expresivas.

Poderán coñecer os antecedentes artísticos e as achegas de artistas ao debuxo e ás artes plásticas en xeral, a través da historia e, sobre todo, a presenza e a función do debuxo nas manifestacións artísticas contemporáneas.

En Debuxo Artístico, o alumnado en primeiro curso traballa a materia de forma máis obxectiva, para dedicar o segundo ano a aspectos máis subxectivos, desenvolvendo o seu potencial creador orientado cara ás múltiples alternativas formativas artísticas máis acordes cos seus intereses.

LINGUAXE E PRÁCTICA INSTRUMENTAL.

É unha materia baseada na linguaxe musical e na práctica instrumental. Son tres horas semanais, das cales 2 son prácticas (tocar e cantar) e 1 teoría de linguaxe musical.

TECNOLOXÍA INDUSTRIAL

Na materia de tecnoloxía Industrial estúdanse ao longo de dous cursos un amplo conxunto de temas, que abranguen moitos ámbitos da enxeñería e produción industrial:

- Hai un bloque de temas nos que se trata o deseño, produción e comercialización dos produtos tecnolóxicos, como por exemplo as cadeas de produción. Este bloque é fundamentalmente teórico.
- Tamén se estudan os materiais e as súas propiedades características, as técnicas para mellorar esas propiedades e os procesos de fabricación. Este bloque é fundamentalmente teórico.
- Outro bloque adícase á enerxía: fontes, xeración, comercialización e as medidas para optimizar o seu uso e reducir o seu impacto medioambiental. Este bloque tamén é teórico.
- Hai temas nos que se trata o funcionamento das máquinas e ferramentas sinxelas e os elementos constitutivos das mesmas. Este bloque conta con teoría e problemas.
- Noutro bloque afóndase nos sistemas de control e automatización das máquinas. Este bloque ten teoría, problemas e simulacións
- Tamén hai unha parte de electricidade e electrónica dixital. Este bloque ten teoría, problemas e simulacións.

Os bloques teóricos abórdanse dende o traballo en equipo e colaborativo, plantexando proxectos que leven a aprender a identificar e a seleccionar solucións aos problemas técnicos.

Os bloques máis prácticos inclúen resolución de problemas e simulacións en ordenador, en bancos de probas e en placas programables como Arduino.

A materia é ideal para o alumnado da modalidade de ciencias que desexe acceder a estudos posteriores relacionados coas enxeñerías, informática, electrónica, etc, xa que proporciona unha base de coñecementos moi ampla que permite abordar os estudos posteriores máis facilmente por ter uns coñecementos de partida importantes e hábitos de estudio e traballo propios dos estudos técnicos.

É importante ter en conta este aspecto, porque será necesaria unha base matemática, científica e informática para poder abordar a materia de xeito máis sinxelo. É aconsellable que o alumnado cursase Tecnoloxía e TIC en 4 de Eso.

TIC

TIC 1 pretende preparar ao alumno para que funcione nun contorno dixital e dotalo dun marco adaptativo centrado na necesidade dunha aprendizaxe permanente e constante que implique o uso de novas tecnoloxías.

A materia pretende, ao mesmo tempo, educar no uso de ferramentas que faciliten a interacción dos mozos co seu entorno, así como nos límites éticos e legais que implica o seu uso. Para iso, nesta materia explícanse algúns aspectos técnicos que se desenvolven con maior profundidade en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións 2 Bacharelato. Ao longo da materia do curso, o alumno coñece a arquitectura básica dos sistemas informáticos, aprende a utilizar programas informáticos para a edición de follas de cálculo, procesadores de texto, imaxes, editores de vídeo e creación de presentacións. Será capaz de instalar e xestionar diferentes sistemas operativos, crear e conectar dispositivos en redes informáticas así como programar aplicacións básicas a través de linguaxes de programación.

Para saber algo máis sobre materias de 2º DE BACHARELATO...

ACTIVIDADE FÍSICA PROFESIONAL

O obxectivo principal da materia é dotar ao alumnado dunha ampla bagaxe motriz por medio do repaso dos diferentes contidos traballados en Secundaria así como da ampliación dos mesmos, coa finalidade de que alumnado que escolla cursar a Licenciatura en Ciencias da Actividade física e do Deporte teña unha base xeral coa que afrontar a mesma e establecer hábitos saudables. A súa duración é de unha hora semanal e ten un amplo contido práctico.

AFONDAMENTO DE MATEMÁTICAS

Esta materia é un reforzo de Matemáticas.

Obxectivos:

- É un bo complemento para ás Matemáticas de 2º de Bachillerato, unha axuda para reforzar os contidos da materia e que te resulte máis doada.
- Inclúe máis actividades prácticas (cálculo, resolución de exercicios e problemas)

ECONOMÍA DE EMPRESA

É unha materia que está especialmente dirixida a alumnado que ten intención de facer o grao de economía ou de ADE, pero interesante para o alumnado en xeral. Nela se traballa sobre o mundo da empresa, o papel importante da empresa na economía actual, as clases e formas de empresas, as estratexias empresariais, as decisións de localización e dimensión, a produción, a función comercial, financeira e contable, os recursos humanos na empresa, a dirección, a responsabilidade social corporativa.

O apaixonante mundo da empresa dende as súas moitas ópticas.

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA.

É unha materia teórica, que pretende aumentar o coñecemento sobre o desenvolvemento da música e da danza, dende a Prehistoria ata os nosos días.

Son 3 horas á semana e é unha materia máis enfocada ao Bacharelato artístico, ou para aqueles estudantes que teñan un interese especial por ampliar o coñecemento da música e a danza.

MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS.

Esta materia:

- Complementa ás Matemáticas II e Matemáticas Aplicadas II.
- Reforza o Bloque de Estatística de Matemáticas II, abrindo a opción ás Matemáticas Aplicadas II na ABAU
- Asenta as bases da Estatística, presente en moitas titulacións universitarias.
- Achea as Matemáticas ao mundo real.

PATRIMONIO ARTÍSTICO E CULTURAL DE GALICIA

A materia de Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia recoñece e pon en valor a inmensa riqueza do acervo artístico e cultural galego; unha maneira máis de contribuír ao mantemento do noso singularísimo patrimonio material ao longo do devir xeracional, adecuando a difusión do coñecemento do propio aos estilos de aprendizaxe actuais, representados nas competencias clave. De aí que, dun xeito máis ou menos específico, as distintas competencias clave desenvólvense ao longo da materia, sexa mediante contidos que son propios da historia da arte de Galicia, sexa mediante o estudo e aprecio do patrimonio, sexa a través das vertentes máis actitudinais e procedimentais das competencias.

XEOLOXÍA

A materia de Xeoloxía de segundo curso de bacharelato pretende ampliar, afianzar e aprofundar nos coñecementos xeolóxicos e nas competencias que se foron adquirindo e traballando na ESO e na materia de Bioloxía e Xeoloxía en primeiro de bacharelato.

O programa estrutúrase en dez bloques, cuns contidos que van permitir coñecer o comportamento global da Terra considerando a orixe e a natureza dos materiais presentes, o fluxo e o balance de enerxía, e os procesos dinámicos que o caracterizan.

Estudaranse os principios fundamentais da xeoloxía, a composición dos materiais (minerais e rochas), o seu recoñecemento e a súa utilidade para a sociedade, os elementos do relevo e as súas condicións de formación, os tipos de deformacións, a interpretación de mapas topográficos, a división do tempo xeolóxico, a posibilidade da ocorrencia de feitos graduais ou catastróficos, as interpretacións de mapas xeolóxicos sinxelos e cortes xeolóxicos, a análise de formacións litolóxicas ou a historia da Terra. Trabállase tamén no estudo da nova ciencia da planetoloxía, que amplía os coñecementos que temos da Terra ao resto dos planetas, sen esquecer que o noso planeta é o único que recicla a súa litosfera.

Introdúcese un bloque sobre riscos xeolóxicos no que, de xeito sinxelo e abarcable para o alumnado deste nivel, se traballen riscos derivados de procesos xeolóxicos externos, internos ou meteorolóxicos. Prevese tamén o uso dos recursos renovables e non renovables, incidindo especialmente na súa exploración e na súa explotación sustentable. O alumnado deberá aplicar moitos dos coñecementos adquiridos e valorar a súa influencia para poder localizar catástrofes futuras e o seu grao de perigo asociado.

Preséntase a xeoloxía de España e, particularmente, a de Galicia para que, logo de vistos, traballados e adquiridos os coñecementos xeolóxicos xerais, os alumnos e as alumnas os poidan aplicar ao seu ámbito. Para iso, e como compoñente básico dun curso ao que se lle quere outorgar un enfoque nomeadamente práctico, inclúese un bloque sobre o traballo de campo, na medida en que constitúe unha ferramenta esencial para abordar a maioría das

investigacións e dos estudos en xeoloxía. Así, boa parte dos coñecementos que se propoñen han atopar un marco natural onde aplicalos, ver a súa utilidade ou analizar o seu significado.

TIC II

No segundo curso de bacharelato, a materia de TICs II busca a consolidación dos coñecementos tecnolóxicos indispensables para o alumnado, que lle permitan manexar ferramentas dixitais aplicables noutras disciplinas.

Neste curso estúdianse as bases das diferentes linguaxes de programación, para aprender a crear programas escritos en código. Tamén se dan as bases para saber deseñar blogs e páxinas webs con ferramentas específicas, para a publicación de contidos en internet . Por último hai un bloque adicado de forma específica á seguridade informática e a protección da información e dos datos persoais, que tanta importancia teñen na sociedade do coñecemento actual.